

EN BUSCA DE LO OBVIO»

Ediciones Pirámide, 2009. Jack Trout e Raúl Peralba


Aínda que non é a primeira vez que Jack Trout e o seu socio, Raúl Peralba, defenden as vantaxes do simple, iste si que é o primeiro libro que dedican especificamente á importancia que ten ser obvio para ser máis competitivo. Saben que ferirán a susceptibilidade de moitos que non estarán de acordo co que di este traballo: os que se adican á investigación de mercados e xeran más confusión que claridade, os directivos de marketing que perden o norte enleados en egos persoais e corporativos e en proxectos confusos, e os responsables de comunicación que procuran o creativo e orixinal moito máis que o obvio.



CUANDO LOS MERCADOS CHOCAN»

Editorial Granica, 2009. Mohamen El-Erian

Un dos nomes máis respectados en materia de finanzas pon os recentes acontecimentos no seu contexto axeitado, achegando as ferramentas para interpretar os mercados e beneficiarse dos cambios económicos mundiais. O libro relata o novo ambiente do mundo dos capitais e dos investidores presentando o que El-Erian denomina “novo destino” da economía global. Fala dos tropezos e desorientacións ao longo da viaxe e das bruscas subas e baixadas a medida que as economías se transforman e o mundo emerxe dun período perturbado e confuso.



CREO LUEGO CREO»

Editorial Empresa Activa, 2009. Jordi López Daltell

O único xeito de crear mellores resultados económicos para una empresa é comezar por confiar e crer nos seus traballadores. Para iso requírese o establecemento de determinados procesos de xestión que levan tempo e un compromiso no mediano e longo prazo, tanto polos directores xerais como polos mados medios eos propios traballadores. O autor é un especialista na formación de equipos de traballo en todo tipo de contornos. Durante os últimos anos Jordi López impartiu programas de formación para directivos e técnicos en Marrocos, España, Austria, Chequia, Bulgaria, Croacia e Brasil.



EL REINO DE LA HUMILDAD»

Alienta Editorial, 2009. Juanma Roca

Durante os últimos anos o desexo de acumular riqueza no prazo máis breve e sen aplicar esforzo foi o sentimento decisivo do ser humano, saltando os límites da sensatez. Eduardo, príncipe de Marimor, é o protagonista dunha cativadora narración ambientada no Medievo, unha fábula sobre a importancia da prudencia e os prexuízos da cobiza. O libro axuda a entender as orixes das crises económicas e achéganos as claves sobre a importancia dos valores éticos do directivo. “Achega luz a todo aquel que siente a responsabilidad de servir e liderar unha organización”, Ramón Ollé, presidente executivo da Business Engineering School La Salle.